

María Andresa Casamayor



María Andresa Casamayor de La Coma naceu en Zaragoza o 30 de novembro de 1720 e morreu en Zaragoza o 23 de outubro de 1780.

Foi unha matemática, escritora e profesora española de nenas que destacaron no manexo dos números e na aritmética, áreas que naquel momento eran habituais para homes, non para mulleres.

A súa preocupación era facilitar a educación para todos, por iso decidiu escribir (só con 17 anos) uns tratados sinxelos explicando as catro regras básicas da aritmética:

sumar, restar, multiplicar e dividir.

En aqueles anos a autora ten que asinar os seus libros cun pseudónimo masculino, Casandro Mamés de La Marca e Araioa. Esta firma é un anagrama perfecto, mesmas letras en distinta orde, do seu nome María Andresa Casamayor de La Coma.

Hedy Lamarr

"HOPE & CURIOSITY ABOUT THE FUTURE SEEMED BETTER THAN GUARANTEES. THE UNKNOWN WAS ALWAYS SO ATTRACTIVE TO ME... AND STILL IS."

HEDY LAMARR



Viena, 9 de novembro de 1914
-Casselberry, Florida, 19 de xaneiro de 2000.

Hedwig Eva Marie Kiesler, máis coñecida como Hedy Lamarr foi unha famosa actriz de Hollywood.

Protagonizou dúzias de películas, foi incluso a inspiración para a cara de Blancanieves de Disney. Pero sobre todo era unha muller enxeñosa.

Durante a Segunda Guerra Mundial inventou e patentou un sistema que permitía comunicacións inalámbricas de longa distancia que o inimigo non podía interceptar.

Foi a base da tecnoloxía WiFi, Bluetooth, GPS ou incluso teléfonos intelixentes (smartphones).

Dedicouse, ao longo da súa existencia, a romper límites, a ir en contra do establecido, a non cumprir as expectativas dos demais respecto da súa carreira ou da súa vida persoal.

Considerada como talentosa (superdotada) polos seus profesores, comezou os seus estudos de enxeñería con 16 anos.

Na súa honra, cada 9 de novembro (data do seu nacemento) Austria, Alemaña e Suíza celebran o Día do Inventor.

Blanca Catalán de Ocón



Blanca Catalán de Ocón foi a primeira botánica española que aparece na nomenclatura científica universal.

Naceu en Aragón en 1860. Blanca e a súa irmán Clotilde recibiron una coitada educación da man da súa nai, que vivira en Suiza, de aí que tivera un amplo coñecemento de herbas medicinais e outras

plantas. Blanca estudiou botánica e a súa irmán entomoloxía. A súa paixón pola observación da natureza levou a Blanca a aprender co botánico da localidade de Albarracín, a facer herbarios recollendo, estudando e clasificando as plantas.

En 1880, publicouse no xornal da provincia de Zaragoza o catálogo de ditas especies, e mencionou que gracias a Blanca se descubrirán algunhas especies de flores novas. Estas flores foron recollidas no catálogo do famoso botánico alemán Moritz Willkomm, "Prodromus Florae Hispanicae" 1861-1880. Este púxolle o nome de Blanca á nova flor descuberta: a "Saxífraga Blanca". Outro botánico, Caries Pau, tamén nomeou outra flor descuberta por ela, a "Linaria Blanca". Blanca foi moi coñecida polos seus descubrimentos, listando 83 especies de flores propias do val e por manter correspondencia con prestixiosos botánicos.

Fermina Orduña



Fermina Orduña naceu en Madrid no século XIX. O pouco de iniciarse a Revolución Industrial, xurdiron inventos que precisaron de patentes para a súa posterior produción e comercialización. Grazas á demanda orixinada polo boom industrial, as mulleres comezaron a facerse sitio nas fábricas, tanto pola súa destreza

manual (sectores téxtil, conservas, tabaco) como polo seu salario (elas cobraban menos).

Nese contexto, Fermina Orduña, en 1865, rexistrou a primeira patente concedida a unha muller en España. Tratábase dunha carruaxe para repartir leite fresco : "carruaxe caballeriza para a conducción hixiénica das burras, vacas ou cabras de leite para a expedición pública".

Coma ela, outras pioneiras lograron patentar artiluxios, todos eles do ámbito ó que estaban relegadas: estufas, lavadoras, mobles modulares, ou no ámbito da xinecoloxía e a hixiene feminina.

Mae Jemison



Mae naceu en Alabama (Estados Unidos) o 17 de outubro de 1956.

Chegou a ser enxeñeira, física e astronauta da NASA.

Converteuse na primeira muller afroamericana en despegar ó espacio, onde realizaba experimentos como especialista en misións científicas.

En 1993 fundou a Jemison Group con proxectos para mellorar a saúde no continente africano e para o avance das tecnoloxías nos países de desenvolvemento.

Foi profesora no programa de estudos ambientais na Universidade de Dartmouth e tamén na Cornell University. Actualmente participa en varias organizacións científicas.

“No permitas que nadie te robe tu imaginación, creatividad o curiosidad. Es tu lugar en el mundo, tu vida. Continúa y haz todo lo que puedas con ella. Haz que sea la vida que desees vivir. Nunca te veas limitado por la imaginación limitada de otras personas” - Mae



Ángela Ruíz Robles

Nace en Vilamarín 1895 e morre en Ferrol 1975.



Rexistrou a súa primeira patente baixo o título de "Procedemento mecánico, eléctrico a presión de aire para lectura de libros". E coñecida como a precursora do libro electrónico.


Obtivo Medalla de Ouro e Diploma na exposición Nacional de inventores

(1952), Lazo da Orde de Alfonso x el Sabio (1956), Osa á invención na Feira de Zaragoza (1957), Medallas de Bronce (1957 y 1958) e de Prata (1963) na exposición internacional de inventores de Bruxelas.

Foi mestra de primaria, profesora de mecanografía, taquigrafía.

Entre 1938 y 1946 escribiu, deu conferencias, editou e reeditou a maior parte da súa obra científica, un total de dezaseis libros. ^{SUS} tres primeiros son: Compendio de Ortografía Castelán, Ortografía castelán y Taquigrafía Matínana abreviada moderna. Impartiu clases a opositores de aduanas, correos, telégrafos e para o ingreso en altos estudos mercantís na academia para adultos da súa propiedade, Elmaca.

Marie Curie



Naceu en Varsovia, Polonia o día 7 de novembro 1867 e morreu en Passy, Francia en 1934.

Foi pioneira nas investigación de química e física, dentro do campo da radioactividade, investigación polas cales obtivo dous premios Nobel, sendo a primeira muller en obtelo.

Xunto co seu marido descubriu os raios X e un ano mais tarde a radioactividade natural. Outro dos seus logros foi o descubrimento de dous elementos químicos o Polonio e o Radio.

Tras a morte do seu marido convertiuse na profesora da Universidade de París. Era a primeira muller que impartía clases nela.

Valentina Tereshkova



Naceu o 6 de marzo de 1937 na localidade de Yaroslavl, ao nordeste de Moscú. O seu pai era condutor de tractores e a súa nai traballaba nunha fábrica téxtil, oficio ao que tamén se adicaba Valentina cando, no ano 1961, foi seleccionada para formar parte do programa ruso de cosmonautas.

O 16 de xuño de 1963, con apenas 26 anos, e case dous anos despois da histórica viaxe espacial de Yuri Gagarin; Valentina converteuse na primeira muller en voar ao espazo exterior.

A astronauta foi elixida entre máis de 400 candidatas pola súa habilidade como paracaidista. A bordo da nave Vostok-6, a misión de Tereshkova durou tres días durante os que orbitou 48 veces arredor da Terra.

Tras completar a súa misión, Valentina recibiu o recoñecemento de Heroína da Unión Soviética e acadou o título de instrutora do Centro de Adestramento de Cosmonautas.

Actualmente, Valentina Tereshkova segue sendo a única muller que viaxou soa ao espazo.

Historicamente, a profesión de astronauta sempre estivo monopolizada polos homes. Por ese motivo a proeza de Tereshkova, considerada un símbolo da loita pola igualdade, serviu de inspiración para outras mulleres.

